



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

### ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 11 DE XANEIRO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:10 horas do día 11 de xaneiro de 2017, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 9 de xaneiro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidentes:** D. Carlos López Font

**Vocais:** D<sup>a</sup>. Margarita Parajó Calvo  
D. Javier Muradás Blanco  
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela  
D<sup>a</sup>. María Jesús Magdalena Vila (asiste aos puntos 3a e 4a)  
D. Fernando Carballo Villar (asiste ao punto 6c)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente, procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

#### 1.- Apertura administrativa

##### **a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma do campo de fútbol do Carballal - A Bandeira. Fase I (15342-333)**

Ábrese o sobre A "*Documentación persoal*" deste procedemento. Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II:
1. UTE OBRAS Y PAVIMENTOS ESPECIALES, S.A. e CONSTRUCCIONES GLESA, S.A. (porcentaxe de participación na UTE 80%-20%)
  2. CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.
  3. CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA)
  4. ORECO, S.A
  5. UTE CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U. e CONSTRUCCIONES HERMANOS CARRAJO, S.A. (porcentaxe de participación na UTE 50%-50%)
  6. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.
  7. ALVAC, S.A.
  8. DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.
  9. UTE UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U. e CRC OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (porcentaxe de participación na UTE 50%-50%)
  10. CONSTRUCTORA SAN JOSE, S.A.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 19:43	Páxina 1 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AF42-5CEA8H-52CDB8-DSZBAS-4AHLVY-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

11. UTE 03 SERVICIOS Y CONTRATAS, S.L. e MANUEL NOVOA CASTRO, S.L. (percentaxe de participación na UTE 75%-25%)
12. UTE IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L. e SANSIGA, S.L. (percentaxe de participación na UTE 70%-30%)
13. PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONSTRUCCIONES, S.A.)
14. UTE SIELVIGO, S.L. - EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A. (percentaxe de participación na UTE 50%-50%)

- b) Outorgar un prazo de tres días hábiles a COVIASSTEC, S.L. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido polo prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación.

Na declaración presentada pola empresa só declara estar en posesión dunha das dúas clasificacións esixidas na cláusula 8.4.3º e no apartado 6A do Anexo I -FEC- do prego (grupo C - subgrupo 6 - categoría 2), esixíndose tamén a clasificación no grupo I - subgrupo 9 - categoría 1.

## 2.- Apertura da documentación técnica

### a) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma do campo de fútbol do Carballal - A Bandeira. Fase I (15342-333)

Non se pode tratar este asunto porque a Mesa acordou no punto anterior requirir a emenda de documentación a unha das empresas presentadas.

## 3.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

### a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributarias (2288-500) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado pola directora Ingresos o 9 de xaneiro de 2017 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*".

## 4.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

### a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización e mantemento catastral, integración coa plataforma municipal VCI+ e actualización de bases de datos tributarias (2288-500)

Acéptase o informe asinado pola directora Ingresos o 9 de xaneiro de 2017 de valoración do sobre B "*proposición avaliable mediante xuízo de valor*".

## 5.- Propostas de adxudicación

### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (27683-220)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 19:43	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AF42-5CEA8H-52CDB8-DSZBAS-4AHLVYV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (27683-220)

### ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 2 de setembro de 2016 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do servizo de vixilancia da saúde.

**Segundo.-** Na sesión que tivo lugar o 2 de decembro de 2016 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do Servizo de vixilancia da saúde (27683-220) na seguinte orde descendente:*

Licitadores	Puntuación total
PREVISONOR, S.L.	100
PREMAP SEGURIDAD Y SALUD, S.L.	91,95
MUGATRA SOCIEDAD DE PREVENCIÓN, S.L.U.	85,30
NORPREVENCIÓN, S.L.	76,23

**Segundo.-** *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PREVISONOR, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 19:43	Páxina 3 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AF42-5CEA8H-52CDB8-DSZBAS-4AHLVYV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

*particulares.*

4. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

*Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.709,92 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.*

**Terceiro.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, PREVISIONOR, S.L., o día 20 de decembro de 2016, que presenta a documentación requirida o 2 xaneiro de 2017, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 11 de xaneiro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que conteña a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PREVISIONOR, S.L. de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula asinado pola técnica de Prevención de Riscos Laborais e a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación o 23 de novembro de 2016.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a PREVISIONOR, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (27683-220) coas seguintes condicións:*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 19:43	Páxina 4 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AF42-5CEA8H-52CDB8-DSZBAS-4AHLVY-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

1. O prezo do contrato é de 714.000,00 euros (exento de IVE)
2. Propón a realización dos seguintes cursos e campañas informativas e de sensibilización de promoción da saúde, cos requisitos previstos no apartado 8.B.2 da FEC:
  - a) 12 cursos presenciais de formación en primeiros auxilios por ano de contrato, iniciais e de reciclaxe
  - b) Unha campaña por cada ano de contrato informativa e de sensibilización de promoción da saúde
  - c) 3 cursos presenciais por ano de contrato de formación "Escola de costas"
  - d) 4 cursos presenciais por ano de contrato de formación en "Xestión de equipos de traballo" para mandos intermedios
  - e) 3 cursos presenciais por ano de contrato sobre "Acosos psicolóxico no traballo"
  - f) 5 cursos presenciais por ano de contrato de formación en "Apoio psicolóxico en situacións de emerxencia" dirixido ao persoal de Servizos de Emerxencias (Policía Local, Extinción de Incendios e Protección Civil)
  - g) 4 cursos presenciais por ano de contrato de xestión e control do estrés
  - h) 4 cursos presenciais por ano de contrato de intelixencia emocional no traballo e xestión positiva de conflitos
  - i) 2 cursos presenciais por ano de contrato de "Atención ao cidadán"

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

### 6.- Incidencias

#### **a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión da escola infantil municipal de Santa Marta - Casco Vello (17500-332) (resolución nº 1069/2016 do TACRC)**

Entrégase a resolución nº 1069/2016 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales de data 22 de decembro de 2016 pola que se estima o recurso nº 865/2016 C.A. Galicia 117/2016 interposto por D<sup>a</sup>. Olga Carmen Zaragoza Giner, en representación da UTE GESTIÓN DE ESCUELAS INFANTILES MUNICIPALES, contra o acordo de exclusión do procedemento de adxudicación do contrato de Servizo para a xestión da escola infantil de Santa Marta - Casco Vello. A secretaria comunica aos membros que desta resolución deuse conta á Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 5 de xaneiro de 2016.

#### **b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de limpeza dos colexios públicos e escolas municipais (3815-440) (presentación de documentación requirida)**

A secretaria comunica aos membros da Mesa que a empresa SAMYL, S.L. presentou o 4 de xaneiro de 2016, dentro do prazo concedido, o orzamento desglosado requirido por acordo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 19:43	Páxina 5 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AF42-5CEA8H-52CDB8-DSZBAS-4AHLVYV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

da Mesa do 29 de decembro de 2016.

**c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia nocturna e transporte de fondos nas instalacións de Vigozoo (7173-612) (escrito presentado por UTE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. Vigozoo)**

Entrégase o escrito presentado pola UTE SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A. Vigozoo o 30 de decembro de 2016 no que manifesta que a empresa GRUPO RMD SEGURIDAD, S.L. presentou a súa oferta *“careciendo de la preceptiva autorización administrativa expedida por el Ministerio del Interior” “para el transporte y distribución de efectivo”* e que *“procede adjudicar el presente concurso a SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA, S.A., Ley 18/1982 VIGOZOO ya que de realizarse la adjudicación a la otra esta empresa estaría incurso en causa de nulidad y sometido a impugnación posterior”*.

**d) Procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da Grada de Río (4051-440) (interposición de recurso especial en materia de contratación)**

Entrégase o escrito presentado o 23 de decembro de 2016 por D. Carlos Alberto González Príncipe, en representación da “Asociación en defensa de Vigo” de interposición do recurso especial en materia de contratación contra a adxudicación do procedemento aberto para a contratación das obras de reforma da Grada de Río.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 11:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

Vigo, 11 de xaneiro de 2017

O presidente da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 25/04/2024 19:43	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AF42-5CEA8H-52CDB8-DSZBAS-4AHLVYV-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		